

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	LUGO
<b>Edificio</b>	Catedral de Santa María
<b>Dirección</b>	Praza Santa María, 1 27001
<b>Localización</b>	Sala de campás
<b>Nombre</b>	<b>Santa María (4)</b>
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 119   Bordo 11   Altura do bronce 85   Peso aproximado (en quilogramos)976 kg
<b>Fundidor</b>	BLANCO, JANUARIO; CARRERA BLANCO, ANTONIO
<b>Ano de fundición</b>	1864
<b>Descricion</b>	<p>A campá ten dúas complexas inscricións latinas cheas de abreviaturas non sempre fáciles de desenvolver. Na parte superior figuran os nomes dos fundidores da campá, algo moi pouco usual xa que esta parte, máis nobre, adoita indicar soamente a dedicación da campá: "SIGNUM VIRG. MARIÆ SACRUM EX ÆERE FUS. JANUARIO BLANCO ET ANTONIO CARRERA BLANCO OPIFICIB. CONFLAT. # # # "</p> <p>Interpretamos SIGNUM, como na campá dos cuartos, é dicir, máis que SINAL, CAMPÁ. Xa que logo sería CAMPÁ CONSAGRADA A La VIRXE MARÍA COADA EN BRONCE POLOS ARTESÁNS FUNDIDORES JANUARIO BLANCO E ANTONIO CARRERA BLANCO. Trátase de dous fundidores descoñecidos ata a data, aínda que había referencia doutros da familia BLANCO.</p> <p>No medio hai, á parte de fóra, unha cruz con pedestal. Na parte interior hai unha custodia e debaixo unha cartela onde di "LA VOZ DE MARIA / DE GRACIA PLENA / A SU CULTO INVITA / A TODA LA TIERRA".</p> <p>No medio pé hai unha inscrición escura, con moitas abreviaturas, en latín: "AB EXCMO. ET YLTMO. D. D. JOSEPHO DE LOS RIOS ET LAMADRID PONTIF. SAC. CRISM. DELIB. D. D. PETRO BENEDICTIO A VALDÉS, ARCHIDIAC. PRO CANONIC. COLLEG. CULMINE SUSPENS. ANNO D. MDCCCLXIV. # # ". Indicaría que a campá foi consagrada polo Excelentísimo e Ilustrísimo Doutor Don José dos Ríos e Lamadrid, sendo arcediano o Doutor Don Pedro Benito de Valdés, o ano 1864. Don José dos Ríos e Lamadrid foi bispo de Lugo desde 1857 ata 1884, segundo o <a href="#">OBISPADO DE LUGO 101 Obispos de Lugo</a>.</p>
<b>Fotos</b>	60
<b>Toques</b>	Repiques circulares (virando o badalo dentro de todo o perímetro da campá).
<b>Conservación, mantemento</b>	<p>Durante o mantemento do cepo de madeira a campá non foi protexida e hai numerosos manchas de pintura verde no bronce. Por outra banda a utilización de pintura plástica non parece a mellor protección para a madeira.</p> <p>Ten numerosas manchas por excrementos de aves na parte interior da campá.</p> <p>A campá ten dobre marca circular do badalo, probablemente porque estaba antes descolgado.</p> <p>Ferro para fixar a campá cara arriba entre volteo e volteo.</p> <p>Toque manual.</p> <p>Cepo pintado de verde.</p>

<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para incluír a instalación orixinal no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
<b>Propostas</b>	A campá debe ser limpada, por dentro e por fóra, para recuperar a sonoridad orixinal. O cepo de madeira debe ser restaurado. Debe utilizarse pintura adecuada para a protección da madeira e que ao mesmo tempo permita que respire. A campá debe repicar automaticamente para os sinais diarios. Sería conveniente que o mecanismo tirase do propio badajo, mediante unha instalación electromecánica ou hidráulica, que permitise unha gran velocidade de resposta, para reproducir os toques orixinais e non impedir os posibles toques manuais.
<b>Autors da documentación</b>	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao
<b>Data</b>	2013

Folla completa da campá: [Santa María \(4\) Catedral de Santa María - LUGO](#)

PDF (21-05-2026)